



Concello de Vigo
Secretaría Xeral

INFORME XURIDICO PROPOSTA

Expte: 1316/1102

Antecedentes

En data 7.11.2022 D. [REDACTED] solicita acceso ao expediente 21983/220 (Reestructuración SPEIS) e todos os seus informes:

- Informe Avaliación e Formación de RR.HH, do 2.05.11, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos
- Acordos acadados na Mesa Xeral de Negociación celebrada o 29 de decembro do 2010, proposta polo servizo
- Informe emitido polo Oficial Subxefe do SEIS en data 01/04/2011 e informe da Xefatura de Seguridade e Tráfico de data 29/04/2011

En data 15.11.2022 requírese á área de RRHH e Formación a emisión de informe

En data 9.12.2022 a técnica de administración xeral emite informe conformado pola Xefa da área de RHH e Formación en data 12.12.2022

LEXISLACION APLICABLE

- [Constitución Española de 1978](#)
- [ei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público \(LRXSP\)](#)
- [Lei 7/1985, do 2 de abril, das Bases do Réxime Local \(LBRL\)](#)
- [Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas \(LPAC\)](#)
- [Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno \(LTAIBG\)](#)
- [Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais \(LOPDGDD\)](#)
- [Regulamento \(UE\) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE \(RGPD\)](#)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRO.- Do dereito a información pública

A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, regula no seu artigo 12 o dereito de acceso á información pública, preceptuando

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/03/2023 10:45	Páxina 1 de 5
1316-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

que "Todas las personas tienen derecho a acceder a la información pública, en los términos previstos en el artículo 105,b) de la Constitución Española, desarrollados por esta Ley.

Asimismo, y en el ámbito de sus respectivas competencias, será de aplicación la correspondiente normativa autonómica."

O acceso á información constitúe un verdadeiro dereito subxectivo que se configura de maneira ampla en tanto que son titulares do mesmo todas as persoas sen que as mesmas teñan que alegar interese específico nin ser preciso a motivación da súa solicitude.

Aos efectos da LTAIBG (artigo 13) enténdese por información pública "los contenidos o documentos, cualquiera que sea su formato o soporte, que obren en poder de alguno de los sujetos incluidos en el ámbito de aplicación de este título y que hayan sido elaborados o adquiridos en el ejercicio de sus funciones." É precisamente a "información pública" así concibida sobre a que se proxecta o exercicio do dereito de acceso nos termos sinalados no artigo 17.1 LTAIBG: "El procedimiento para el ejercicio del derecho de acceso se iniciará con la presentación de la correspondiente solicitud, que deberá dirigirse al titular del órgano administrativo o entidad que posea la información".

Segundo o criterio do Consejo de Transparencia e Buen Gobierno "... la Ley delimita el ámbito material del derecho - a partir de un concepto amplio de información, que abarca tanto documentos como contenidos específicos y que se extiende a todo tipo de "formato o soporte", a la vez que acota su alcance exigiendo la concurrencia de dos requisitos vinculados con la naturaleza "pública" de las informaciones: (a) que se encuentren "en poder" de alguno de los sujetos obligados por la ley, y (b) que hayan sido elaboradas u obtenidas "en el ejercicio de sus funciones". A Lei define o obxecto dunha solicitude de acceso á información en relación a información que xa existe, por canto está en posesión do Organismo que recibe a solicitude, ben porque o mesmo a elaborou ou ben porque a obtivo no exercicio das funcións e competencias que ten encomendadas. E iso, para garantir o obxectivo que persegue a norma e que non é outro que "ampliar y reforzar la transparencia de la actividad pública, regular y garantizar el derecho de acceso a la información relativa a aquella actividad" (art. 1 de la LTAIBG). Neste senso o Tribunal Supremo en Sentenza n.º 1547/2017, do 16 de outubro (Sala de lo Contencioso-Administrativo, Sección Tercera): "La formulación amplia en el reconocimiento y en la regulación legal del derecho de acceso a la información obliga a interpretar de forma estricta, cuando no restrictiva, tanto las limitaciones a ese derecho que se contemplan en el artículo 14.1 de la Ley 19/2013, como las causas de inadmisión de solicitudes de información que aparecen enumeradas en el artículo 18.1, sin que quepa aceptar limitaciones que supongan un menoscabo injustificado y desproporcionado del derecho de acceso a la información. [...] Asimismo, la posibilidad de limitar el derecho de acceso a la información no constituye una potestad discrecional de la Administración o entidad a la que se solicita información, pues aquél es un derecho reconocido de forma amplia y que sólo puede ser limitado en los casos y en los términos previstos en la Ley..." (Fundamento de Derecho).

SEGUNDO.- Da solicitude formulada

O interesado solicita acceso a seguinte información ao expediente 21983/220 (Reestructuración SPEIS)

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/03/2023 10:45	Páxina 2 de 5
1316-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Informe Avaliación e Formación de RR.HH, do 2.05.11, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos
- Acordos acadados na Mesa Xeral de Negociación celebrada o 29 de decembro do 2010, proposta polo servizo
- Informe emitido polo Oficial Subxefe do SEIS en data 01/04/2011 e informe da Xefatura de Seguridade e Tráfico de data 29/04/2011

O informe da área de RRHH e Formación determina "Respecto á solicitude de acceso formulada por d. ██████████ resulta necesario a súa consideración en relación a diferentes extremos, os cales merecen diferente tratamento:

No referente ao expediente 21983/220 (Reestructuración funcional do SPEIS) a solicitude de acceso recae sobre información obxecto de publicidade activa por parte do Concello de Vigo, toda vez que a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en sesión ordinaria de data 09/05/2011 adoptou o acordo en relación á reestructuración do SPEIS. o cal consta debidamente publicado e dispoñible na sede electrónica. O acordo da Xunta de Goberno Local é obxecto de publicidade activa de forma clara, estruturada e entendible para os interesados e en formatos reutilizables, segundo consta na sede electrónica <https://sede.vigo.org/expedientes/actas/index.jsp?id=4&lang=es>. Garante a accesibilidade, a interoperabilidade, calidade e reutilización da información publicada así como a súa identificación e localización. Resulta comprensible, de acceso fácil e gratuito. Respecto a solicitude segundo o seu tenor literal relativa "aos acordos acadados na Mesa Xeral de Negociación celebrada o 29 de decembro do 2010" cómpre engadir que se ben as actas conteñen a información básica sobre o desenvolvemento da sesión, os acordos recollen a decisión adoptada que non é outro que o trasladado ao órgano competente do Concello de Vigo, previa a tramitación administrativa procedente aos efectos procedentes en relación co réxime de atribución competencial establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e normativa de concordante aplicación.

Por outra banda e malia que o concepto de información pública non se limita á información suxeita ás obrigas de publicidade activa, as solicitudes de acceso que recaigan sobre información obxecto de publicidade activa deberán formalizarse segundo o establecido no artigo 22.3 da Lei de Transparencia, Acceso á información pública e Bo Goberno. A estruturación do SPEIS consta na Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, dispoñible no Portal de transparencia do Concello de Vigo <https://transparencia.vigo.org/> e na web municipal <https://hoxe.vigo.org/>, así como as actas da Xunta de Goberno Local <https://sede.vigo.org/expedientes/actas/index.jsp?id=4&lang=es>; o acceso as cales efectuarase de conformidade co establecido no artigo 22.3 da Lei de Transparencia, por tratarse de información obxecto de publicidade activa a disposición do solicitante nos enderezos indicados, nos cales poderá acceder á información en formato electrónico. Non obstante a acta atópase anexada no expediente 21983-220, debendo ser debidamente anonimizada.

2.- ACCESO.

De conformidade co artigo 12 da LTBG, respecto ao dereito de acceso á información pública: "Todas las personas tienen derecho a acceder a la información pública, en los términos previstos en el artículo 105.b) de la Constitución Española, desarrollados por esta Ley". Entendéndose por información pública segundo o artigo 13 "los contenidos o

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/03/2023 10:45	Páxina 3 de 5
1316-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

documentos, cualquiera que sea su formato o soporte, que obren en poder de alguno de los sujetos incluidos en el ámbito de aplicación de este título y que hayan sido elaborados o adquiridos en el ejercicio de sus funciones.”

-Non obstante, debe constar que existen límites ao dereito de acceso, entre estes o establecido no artigo 14.1.k) LTBG: La garantía de la confidencialidad o el secreto requerido en procesos de toma de decisión. A aplicación dos límites será xustificada e proporcionada ao seu obxecto e finalidade de protección e atenderá ás circunstancias do caso concreto, especialmente á concorrencia de interese público ou privado superior que xustifique o acceso. A información solicitada por d. [REDACTED] é de carácter organizativo sobre a reestruturación do servizo do SPEIS, constando informes internos emitidos no expediente e actas da Mesa xeral de Negociación se ben pondérase a aplicación dos límites á solicitude formulada.

II.- CONCLUSIÓNS

A información relativa ao Acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, adoptado en sesión ordinaria de data 09/05/2011 atópase dispoñible na sede electrónica <https://sede.vigo.org/expedientes/actas/index.jsp?id=4&lang=es>; así como toda a documentación relativa á estrutura administrativa do Concello de Vigo, dispoñible no Portal de Transparencia do Concello de Vigo (<https://transparencia.vigo.org/>) e na web municipal sendo obxecto de publicidade activa de forma clara, estruturada e entendible para os interesados e en formatos reutilizables. Garante a accesibilidade, a interoperabilidade, calidade e reutilización da información publicada así como a súa identificación e localización. Resulta comprensible, de acceso fácil e gratuito.

Malia que o concepto de información pública nos se limita á información suxeita ás obrigas de publicidade activa, as solicitudes de acceso que recaigan sobre información obxecto de publicidade activa deberán formalizarse segundo o establecido no artigo 22.3 da Lei de Transparencia, Acceso á información pública e Bo Goberno, indicando en consecuencia ao solicitante que as actas da Xunta de Goberno Local figuran dispoñibles na sede electrónica, <https://sede.vigo.org/expedientes/actas/index.jsp?id=4&lang=es>. por tratarse de información obxecto de publicidade activa a disposición do solicitante nos enderezos indicados, nos cales poderá acceder á información en formato electrónico.

Respecto aos informes e actas solicitados procede o seu acceso ao expediente 21983/220, se ben, previa disociación dos datos de carácter persoal que figuran no mesmo.

En consecuencia, procédese a facilitar acceso ao expediente á persoa solicitante, a través do seguinte enlace: <https://correo.vigo.org/nube/index.php/s/MnbwecNAbpnFJ4T> e a contrasinal Zu22An05.

Polo exposto procede facilitar ao interesado a información solicitada a través do seguintes enlace <https://correo.vigo.org/nube/index.php/s/MnbwecNAbpnFJ4T> e a contrasinal Zu22An05.

TERCEIRO.- A resolución da solicitude correspóndelle á Concelleira de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal segundo Resolución de Alcaldía de delegacións específicas do 26.06.2019 e 6.09.2022.

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/03/2023 10:45	Páxina 4 de 5
1316-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Polo exposto formúlase a seguinte **PROPOSTA:**

PRIMEIRO.- Facilitar a [REDACTED] o acceso a información solicitada a través do seguintes enlace <https://correo.vigo.org/nube/index.php/s/MnbwecNAbpnFJ4T> e a contrasinal Zu22An05

SEGUNDO.- Notificar á persoa interesada e comunicar que contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán interpoñerse os recursos ou reclamacións que a continuación se indican:

- a) Recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da recepción desta notificación.
- b) Con carácter potestativo, reclamación previa á súa impugnación ante a xurisdición contencioso-administrativa perante o Valedor do Pobo de Galicia, dentro do prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción desta notificación ou desde o día seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio administrativo. No caso de optar pola reclamación non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquela sexa resolta expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio administrativo.

Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

A Secretaria de Administración Municipal, Susana Gallardo Fariña

DECRETO: Vista a precedente proposta, **RESOLVO DE CONFORMIDADE COA MESMA.**

Vigo, data segundo sinatura electrónica á marxe

A Concelleira de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, Dona. Patricia Rodriguez Calviño

Dou fe, a Secretaria de Administración Municipal, Susana Gallardo Fariña

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/03/2023 10:45	Páxina 5 de 5
1316-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		